



10 Infraestruturas

Toda a actividade que se xera e canaliza a través da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental oriéntase ao deseño de políticas e á adopción de decisións coa suficiente antelación para achegar as estruturas de xestión e as instalacións universitarias a parámetros acordados co novo escenario que implica a integración no Espazo Europeo de Educación Superior.

Nesta liña e sen perder de vista que a Universidade da Coruña constitúe por si soa unha das pezas fundamentais de cohesión social e de vertebración territorial do novo sistema urbano que se está a tecer na Galicia do século XXI, as iniciativas esenciais no ámbito das infraestruturas organizáronse, tanto arredor da propia estruturación organizativa da Vicerreitoría como de intervencións a escala territorial, urbana, dos campus e dos edificios e dos espazos públicos.

No aspecto organizativo, profundouse na consolidación dunha estrutura organizativa profesionalizada acorde coa complexidade dun espazo universitario que nos campus da Coruña e de Ferrol alcanzará, cos proxectos actualmente en proceso de desenvolvemento, máis de 285.000 metros cadrados edificables nunha superficie de solo nos campus da Coruña e Ferrol que se aproxima aos 800.000 metros cadrados.

Así mesmo, a creación no ano 2008 da Oficina de Medioambiente da UDC, dirixida polo profesor Manuel Soto, é un reflexo dunha sensibilidade xeneralizada nos campus europeos e que agroma na UDC con múltiples iniciativas.

Na escala territorial, a achega da Universidade da Coruña ás Directrices de ordenación do territorio de Galicia inciden na imposibilidade de pensar Galicia como país á marxe do sistema territorial de equipamentos universitarios en que a UDC é unha peza fundamental. Neste sentido, impúlsanse iniciativas pensadas para fortalecer o sistema urbano galego facilitando a accesibilidade ao servizo público. As principais foron as seguintes:

- Mediante convenio coa Consellería de Vivenda, redactouse o proxecto de execución da área residencial universitaria de 415 unidades habitacionais para 600 prazas.
- Integración da UDC no Plano de transportes metropolitano e nas redes territoriais de transporte en proceso de desenvolvemento pola Xunta de Galicia e polo Concello da Coruña.
- Plano de ordenación volumétrica e parcelamento no campus central da UDC para prever as futuras necesidades da institución. Realizouse un proxecto urbanístico que se incorporou ao documento de

revisión do Plano xeral de ordenación da Coruña. O obxectivo final é dotar a UDC de instrumentos de xestión urbanística áxiles.

Nesta escala urbana, a consideración dunha parte importante do ámbito do campus universitario dentro do sistema xeral de equipamentos e a súa consideración como solo urbano para uso dotacional universitario permitirá dispoñer de solo clasificado en cantidade suficiente para enfrontar as iniciativas previstas no horizonte da próxima década, sexan de índole académica, investigadora, administrativa, residencial, deportiva ou de ocio.

A previsión no plano xeral do carril-bici proposto pola Universidade da Coruña ao Concello da Coruña, a posible ampliación do Centro Universitario de Riazor, a delimitación da Cidade Escolar como ámbito especial de cualificación urbana a través da súa catalogación, os estudos sobre as relacións entre a área da Maestranza e a Cidade Vella, ou as relacións entre o Castro de Elviña, San Vicente de Elviña e o campus son aspectos que tamén se integrarán no documento definitivo.

En Ferrol expúxose a necesidade de impulsar no seu planeamento urbanístico municipal a previsión de ampliación do campus universitario para permitir o seu fortalecemento.

A construción de novos edificios destinados a equipamentos ou a investigación, a convocatoria de concursos (como o do Campus Center) e a colaboración cos centros e as facultades na resolución dos problemas cotiáns polo Servizo de Arquitectura e Urbanismo esixen un importante esforzo que se ten materializado na ampliación do CITEC e do CITIC, na construción do CICA, na posta en funcionamento das instalacións fotovoltáicas no INEF, na adaptación das instalacións da Facultade de Ciencias da Saúde, na tramitación de expedientes de habilitación de despachos na Escola de Camiños, no seguimento das obras en construción e na redacción de proxectos de urbanización dos viais paralelos ao ferrocarril.

A Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental coordinou ou elaborou os seguintes estudos:

- Alternativas presentadas ao Concello de Ferrol para ampliar o campus de Ferrol-Esteiro.
- Estudos da relación do campus de Elviña coa aldea de San Vincenzo de Elviña.
- Estudo de delimitación do Castro de Elviña na súa relación co campus e co núcleo de Castro de Elviña. Preténdese protexer o patrimonio arqueolóxico e evitar alteracións na súa imaxe e na do campus.

- Incorporación ao Plano xeral de ordenación urbana da Coruña dos edificios da área universitaria de Riazor para catalogalos como elementos senlleiros da historia dos equipamentos educativos en Galicia.
- Estudo dun edificio de servizos cívico-universitarios en Elviña na procura da integración San Vicente-campus.

Edificación

O traballo máis destacado do Servizo de Arquitectura e Urbanismo a escala urbana e no ámbito da edificación consistiu na proposta remitida ao Concello da Coruña para incluír no documento de revisión do Plano xeral de ordenación urbana. A proposta foi asumida polo equipo redactor da revisión. Inclúe elementos clave para o desenvolvemento da UDC, tales como:

- Redefinición dos límites do campus universitario nos terreos en contacto co Castro de Elviña e cos montes da Zapateira.
- Inclusión dos terreos do actual campus na súa condición de elemento pertencente ao sistema xeral de equipamentos de ámbito supramunicipal.
- Consideración dos terreos do campus da Coruña como solo urbano naquelas áreas xa desenvolvidas (urbanizadas e/ou edificadas) así como nas que están en proceso de desenvolvemento.
- Creación dunha nova parcela edificable nos terreos destinados á Area Científica da UDC, fronte á Facultade de Informática e á Escola de Camiños que resolvan a accesibilidade desde a plataforma das facultades á cota do Parque Tecnolóxico, os déficits dos centros e a conexión estación intermodal-Parque Tecnolóxico- facultades a través dun corredor verde.
- Clasificación do solo que posibilibre desenvolver o Campus Center como elemento referencial da UDC ao longo do vial do ferrocarril e do contorno do actual estadio, con capacidade para absorber os déficits actuais das facultades próximas (Ciencias da Educación, Dereito) así como as necesidades de instalacións deportivas, de administración e de servizos universitarios e de ocio.
- Previsión de ampliacións de centros existentes.
- Ordenación volumétrica das edificacións do Parque Tecnolóxico ao longo da estrada San Vicente de Elviña-Castro de Elviña.
- Novos trazados viarios na área universitaria de Elviña.

Ademais, contratouse a redacción dos proxectos, xa entregados, para construír un novo vial paralelo á liña de ferrocarril de ADIF-Renfe e para construír outro novo vial que prolongue o que transcorre ao sur da Escola de Camiños e da Facultade de Camiños para chegar ata a estrada que comunica coa Zapateira.

Por último, convocouse, en colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo, o concurso de ideas para o deseño do Campus Center. Prevense 4.000 novos m² de espazo na ampliación do Pavillón Polideportivo, 5.000 de espazo para servizos universitarios, 4.000 para usos administrativos e 5.000 máis para residencia universitaria.

Novas construcións

- A aposta máis decidida canto á construción de novos edificios durante 2008 realizouse no Parque Tecnolóxico. Comezou a construción do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) e a ampliación do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación (CITIC) e do Centro de Innovación Tecnolóxica da Edificación e a Enxeñaría Civil (CITEEC). Suporá a construción de 12.000 metros cadrados para investigación.
- Tamén se puxeron as bases do futuro edificio da Área Científica da UDC, ao encargar unha ordenación volumétrica que servirá como base para un concurso de servizos que terá lugar en 2009 e ao reflectir, como se mencionou, esta nova edificabilidade no documento de revisión do plano xeral.
- Esta aposta pola investigación no eido da UDC potenciouse coa contratación dun proxecto para construír unha Unidade Mixta de Investigación na

Madeira. Este centro situarase ao longo da fachada do aparcadoiro que media entre a ETS de Arquitectura e a EU de Arquitectura Técnica. Xeraranse aquí arredor de 400 m². Finánciase cunha achega da Consellería de Innovación e Industria.

- Organizouse o procedemento negociado para contratar unha ampliación do edificio – gradaría da pista de atletismo.
- No campus de Ferrol estase a construír o Centro Cívico de Esteiro. Sentáronse as bases para construír unha área residencial universitaria no edificio Sánchez Aguilera. Se ben este proxecto necesita para a súa tramitación da aprobación dun plano especial por parte do Concello de Ferrol, xa se realizaron os traballos previos de documentación, levantamento e previsión de usos que permitan a pronta organización dun concurso de ideas.

Edificios e contornos construídos

A Vicerreitoría organizou en 2008 o procedemento para a contratación dun primeiro Plano Director de Infraestruturas para a área da Zapateira, que se verá completado cos próximos plans directores do resto de áreas dos campus.

Contratación da obra e construción da adaptación da pista de tenis da Zapateira para sala multiusos

Novo edificio de despachos no aparcadoiro común á Facultade de Ciencias e á EU de Arquitectura Técnica

Proxecto de reforma do ámbito das escaleiras da Facultade de Ciencias para despachos e salas de reunións

Reforma de despachos na Facultade de Económicas

Nova área departamental na ETS de Camiños, Canais e Portos

Reforma do soto da Facultade de Dereito

Novas salas de deporte no edificio – gradaría da pista de atletismo de Elviña. Adaptación de 200 m² destinados a usos deportivos

Novo peche do Pavillón Polideportivo. Cerramento de limitación entre a área deportiva e a área administrativa

Ampliación da escola infantil

Reurbanización do contorno da escola infantil

Reforma do andar baixo do Centro Cívico de Riazor. Contratación da obra e construción dunha sala de exposicións e sala de conferencias

Estudos previos para recolocar a Universidade Sénior no primeiro andar do Centro Cívico de Riazor

Contratación da obra e construción de 350 m² para mellorar os accesos ao CUR

Nova aula de estudo no CUR. Adaptación da aula 9

Construción dunha sala de prensa na Maestranza

Reforma da biblioteca intercentros de Oza

Adaptación da salón de actos do campus de Esteiro

Cadro 169 **Accións máis destacadas en edificios construídos en 2008**

Edificio	Obra	Euros
Reitoría	Reformas de despachos e obras de restauración	32.955
Club Universitario	Obras de reforma do pantalán e de repavimentación	8.188
ETS Náutica	Reformas en despachos e obras de restauración en fachada e cuberta	15.901
CUR	Reforma de aseos, reforma de despachos e obras de restauración	25.146
Centro Cívico Riazor	Obras de rehabilitación de espazos e de restauración exterior	5.945
CITEEC	Adecuación ao Decreto de seguridade contra incendios	1.110
ETS Camiños	Formación de rampas para o cumprimento do Código de Accesibilidade e obras de reparación	2.009
Informática	Apertura de portas e central de alarmas	3.419
Casa do Lagar	Obras de reparación e reformas e contratación da restauración da galería do primeiro andar	26.288
SAI	Sala de descanso do persoal	5.556
Socioloxía	Reforma de aseos	841
Dereito	Modificación de despachos e reparacións	11.337
CC da Educación	Pintado de estrutura metálica	1.467
Pavillón de Deportes	Novos despachos e obras de reparación e instalacións	9.000
Pavillón de Estudantes	Novas oficinas e portas	10.292
Xoana Capdevielle	Reforma do soto e do almacén, obras de adaptación ao decreto de accesibilidade e construción dunha nova oficina	12.353
CITIC	Reforma da escaleira e obras de reparación	7.090
Filoloxía	Reparación de ventás, reforma da marquesiña, selados de fiestras e reforma de aseos	38.209
Ciencias	Varandas de escaleiras e reparacións	4.292
Arquitectura Técnica	Reforma de baños e reparacións	20.135
CC Saúde	Obras de reparación	11.191
Terapia Ocupacional	Adaptación das aulas do soto ao EEES e obras de reparación	22.006
CC. Deporte	Reparacións na piscina e reparacións construtivas	9.831
Politécnica Superior	Reparación de baixantes e patinillos de instalacións	12.244
Enfermaría Ferrol	Reparacións	8.169
Talleres Ferrol	Ampliación de laboratorio e novas instalacións	6.410
Apoio ao Estudo	Electrificación da aula de estudo	18.142
Humanidades	Substitución de mecanismos de emerxencia	3.138
EU Politécnica	Obras de reparacións, reformas nos seguintes espazos: taller de electricidade, laboratorio de	92.852
Urbanización	Obras de axardinamento e de reparación de beirarrúas	87.922

Cadro 170 Reparacións e melloras en centros en 2008

Instalacións

No ámbito da eficiencia enerxética cómpre destacar a solicitude de axudas ao INEGA para 24 actuacións no ámbito da eficiencia enerxética. Outras actuacións importantes foron as seguintes:

- Convenio coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña para executar auditorías enerxéticas na área da Zapateira
- Convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para realizar melloras enerxéticas en iluminación exterior (Elviña-A Zapateira) e implementación de enerxías renovables mediante a instalación de enerxía solar fotovoltaica para o futuro edificio de Centro Cívico Universitario de Ferrol.
- Acordo co INEGA para realizar auditorías enerxéticas en instalacións térmicas con caldeiras de máis de 15 anos e 70kW de potencia.
- Elaborouse un Plano enerxético da UDC para levar a cabo actuacións no eido da eficiencia enerxética e para incorporar enerxías renovables.

Proxectos máis salientables:

- Instalación solar térmica da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física: Rematada en maio de 2008, está a proporcionar un 35% da enerxía anual necesaria para o quentamento da piscina e vestiarios dos pavillóns deportivos.

- Proxecto de mellora da iluminación exterior das áreas de Elviña e A Zapateira e redución do gasto enerxético anual nun 20%.
- Proxecto para substituír as caldeiras de calefacción da Zapateira. A sala de caldeiras da Zapateira que distribúe auga de calefacción aos centros da ETSA, EUAT e Facultade de Ciencias substituirase por unha de alto rendemento xestionada por un sistema de xestión e control de última tecnoloxía.
- Posta en funcionamento e contrato de venda da instalación solar fotovoltaica do CITIC.
- Instalación de válvulas termostáticas na Facultade de Informática.

Así mesmo, executáronse numerosas melloras en aspectos de seguridade e saúde e distintas áreas de investigación, como na Facultade de Ciencias, o Laboratorio de Combustibles ou a área experimental de volume e forma da Escola de Deseño Industrial. Fixéronse melloras de condicións de iluminación segundo a planificación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Acometéronse obras de melloras nas aulas de estudo do Edificio de Apoio ao Estudo de Ferrol, da Facultade de Ciencias Económicas e no edificio Xoana Capdevielle. Tamén se desenvolveu un proxecto de control de accesos para o CITIC, que servirá de base para un futuro sistema de xestión centralizada de accesos.

Oficina de Medio Ambiente

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) iniciou a súa actividade neste ano 2008. Neste exercicio as actividades da OMA centráronse na coordinación e desenvolvemento das actividades de dous convenios asinados entre a UDC e dous departamentos da Xunta de Galicia.

Procedeuse a unha primeira estimación da pegada ecolóxica da Universidade da Coruña. Os resultados que aquí se presentan corresponden ás compoñentes de consumo de electricidade e combustibles fósiles (gasóleo no caso da UDC), e á edificación. A pegada total resulta de 1.874 Ha. Unha estimación preliminar da pegada debida á mobilidade indícanos que podería situarse por riba das 1.000 Ha adicionais.

No apartado formativo, ademais do curso de horticultura dentro do referido convenio coa Consellaría de Medio Rural, organizouse un curso práctico de compostaxe doméstica, unha xornada de voluntariado ambiental arredor dos ríos e da auga, seguindo a metodoloxía do Proxecto Ríos, e outra xornada de voluntariado ambiental con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente.

Canto ao Programa de Préstamo de Bicicletas, recibíronse en total 223 solicitudes, polo que preto do 1% da comunidade universitaria cursou a solicitude dunha bicicleta en préstamo. Adquiríronse 85 unidades.

Por último, elaborouse unha Guía de Sustentabilidade na UDC, base para un futuro plano de sustentabilidade.